

RISCO QUÍMICO EN SALÓNS DE PEITEADO



Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

XUNTA DE GALICIA



RISCO QUÍMICO EN SALÓNS DE PEITEADO



Autoría:
María Cristina Cotón Varela
Técnica superior en Prevención de Riscos Laborais

Coordinación:
Lucía Ferrón Vidán
Técnica superior do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga)

Edita:
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga)
Casa da Parra – Praza da Quintana, s/n
Santiago de Compostela
issga.xunta.es

Deseño e Maquetación:
Juli Molares



Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga no seguinte enlace:
<http://issga.xunta.es/portal/confido/documentacion/publicacions/>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia da licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.es_ES



RISCO QUÍMICO EN SALÓNS DE PEITEADO

ÍNDICE

1.	Introdución: risco químico no salón de peiteado	4
2.	Danos para a saúde.....	5
	- Na pel	
	- No sistema respiratorio	
	- Outros danos	
3.	Axentes químicos perigosos máis frecuentes	8
4.	A etiquetaxe dun cosmético	9
5.	Medidas preventivas	10
	- Condicións mínimas recomendables dos locais	
	- Substitución de produtos	
	- Medidas organizativas	
	- Medidas hixiénicas	
	- Equipos de protección individual	
	- Vixilancia da saúde. Primeiros auxilios	
6.	Lexislación, bibliografía e consulta	19

1

Introdución: Risco químico no salón de peiteado

Cada día no salón de peiteado úsanse moitos e diferentes produtos cosméticos necesarios para realizar os seus múltiples servizos: lavado, acondicionamento e peiteado, cambios de coloración, rizados e alisamentos... **e estes produtos poden conter axentes químicos perigosos.**

ESTAS SUBSTANCIAS PODEN PENETRAR NO ORGANISMO:



Por inhalación de aerosois e vapores producidos durante a aplicación dos produtos.

Por contacto directo cos ollos ou a pel.

Por feridas na pel.



NOS SALÓNS DE PEITEADO É FRECUENTE:

- Que os locais estean a alta temperatura e humidade, con ventilación deficiente, sen sistemas de extracción de aire.
- Que os produtos se apliquen sen luvas, que as que se usen non sexan axeitadas, ou que se reutilicen luvas de usar e tirar.

Estas condicións fan máis doada a penetración de substancias químicas no noso corpo!

Danos para a saúde Na pel

DERMATITE:

Inflamación da pel que se manifesta especialmente en mans e antebrazos con síntomas como comechón, arroibamento, sequidade, supuración e formación de gretas, carapolas e pequenas vesículas. Poden ser **irritativas ou alérxicas**, segundo o mecanismo que as desencadea.

Dermatites irritativas:

Causadas polo contacto con produtos irritantes (determinados xabóns, disolventes, ácidos...)

Dermatites alérxicas:

Causadas polo contacto cos chamados sensibilizantes cutáneos.



Un **sensibilizante cutáneo** é unha substancia que en contacto coa pel pode provocar unha reacción alérxica.

A persoa que se fai alérxica a unha substancia probablemente padecerá a reacción de inmediato ao mínimo contacto con ela.

A reacción pode aparecer noutras partes do corpo onde non houbo contacto.

EXEMPLOS DE SENSIBILIZANTES CUTÁNEOS:



Látex das luvas.



Níquel, en tesoiras, navallas...



Compoñentes dos cosméticos, especialmente nos colorantes (p-fenilendiamina, formaldehído, resorcinol, hidroquinona).

A profesión de peiteador e peiteadora é unha das máis afectadas pola dermatite alérxica

Danos para a saúde No sistema respiratorio

RINITE:

Inflamación da mucosa nasal que se manifesta con esbirros, próido nasal, conxestión e mucosidade.

ASMA:

Trastorno reversible que provoca que as vías respiratorias inchen e estreiten, o cal provoca ataques de afogamento (dificultade para respirar), asubíos e opresión no peito.

ALVEOLITE ALÉRXICA EXTRÍNSECA (AAE):

Afección pulmonar máis grave que pode producir dano irreversible no pulmón e pode provocar síntomas parecidos aos dunha gripe.



TODAS ESTAS ENFERMIDADES PRESENTAN ALGÚNS TRAZOS COMÚNS:

Débense a unha exposición repetitiva a **SENSIBILIZANTES RESPIRATORIOS**, cantidades pequenas durante períodos de tempo longos ou cantidades altas en tempos curtos.

Só algunhas das persoas expostas padecen a alerxia.

Os síntomas poden desenvolverse inmediatamente despois da exposición ou varias horas máis tarde, a miúdo pola noite, polo que ás veces non se relacionan co produto usado no traballo.

Cando unha persoa se sensibiliza a unha substancia, poden aparecer os síntomas cada vez que respira aire contaminado coa devandita substancia.

SENSIBILIZANTES RESPIRATORIOS:

Substancias que ao ser inhaladas poden dar lugar a reaccións alérxicas das vías respiratorias e provocar diferentes síntomas (ataques de asma, tose, conxestión, esbirros, irritación e inflamación de ollos, e mesmo febre e dores de músculos e articulacións).



Algúns sensibilizantes respiratorios:

Persulfatos, sulfatos e bisulfatos dos descolorantes, parafenilendiamina dos colorantes do cabelo. Tamén o talco cando contamina o aire.



Danos para a saúde

Outros danos



PEL E OLLOS

Irritacións e queimaduras por contacto directo con algúns produtos, por exemplo, oxidantes concentrados.

Conxuntivite. Alerxia ocular que provoca prído, ollos encarnados, lagrimexada e sensación de corpo estraño.



SAÚDE REPRODUTIVA DA MULLER

A combinación de catro factores frecuentes nos salóns de peiteado:

- Carga de traballo elevada.
- Xornadas superiores ás 8 horas.
- Máis de 4 horas de pé.
- Usar certos produtos químicos sen as debidas precaucións.

Tense asociado cunha maior probabilidade de ter problemas de fertilidade, abortos ou malformacións fetais.



SUBSTANCIAS RELACIONADAS CO CANCRO

Formaldehído. Úsase en xampús, acondicionadores, produtos de uñas... pola súa capacidade conservante. Tamén pode liberarse en tratamentos para o alisamento (brasileiro, queratina). Tense relacionado con cancro nasofarínxeo, seo-nasal e leucemia mieloide e pulmonar.

NOTA: Debido a recentes cambios normativos, dende o 1 de xaneiro de 2016 debe considerarse legalmente como produto canceríxeno e sospeitoso de producir mutacións nas células.

Aminas e derivados. Frecuentes nas coloracións, relaciónanse co cancro de vexiga.



OUTRAS AFECCIÓNS

Dores de cabeza, somnolencia e mareos producidos especialmente por produtos usados ao facer a permanente.

3

Axentes químicos perigosos máis frecuentes

Tarefa	Axente químico perigoso ⁽¹⁾	Nome INCI ⁽²⁾	Uso	Efectos sobre a saúde ⁽³⁾
Descoloración	Persulfato de amonio	Ammonium persulfate	Acelerantes dos produtos para decolorar	Iritante cutáneo, ocular e respiratorio -Urticaria -Rinite -Asma
	Persulfato de potasio	Potassium persulfate		
Coloración	Amoníaco	Ammonia	Compoñente das coloracións permanentes	Iritante respiratorio
	4-aminofenol Tamén se pode nomear como: p-hidroxianilina CI 76550	p-aminophenol	Compoñente das coloracións permanentes	Sospéitase que provoca defectos xenéticos
	p-fenilendiamina Tamén se pode nomear como: PPDA 1,4 -diaminobenceno 4-aminoanilina	p-phenylenediamine	Compoñente das coloracións permanentes	Dermatite de contacto, irritativa e alérxica. Sensibilizante
	p-toluendiamina Tamén se pode nomear como: CI 76042	Toluene,2-5 diamine	Compoñente das coloracións permanentes	Dermatite de contacto
	Resorcinol Tamén se pode nomear como: CI 76505 1,3- dihidroxibenceno 1,3 bencenodiol Resorcina	Resorcinol	Compoñente das coloracións permanentes	Iritante ocular Dermatite Pigmentación da pel Alterador hormonal
	Hidroquinona Tamén se pode nomear como: 1-4 dihidroxibenceno 1-4 bencenodiol	Hydroquinona	Compoñente das coloracións permanentes	Iritante cutáneo, ocular e respiratorio Dermatite Despigmentación da pel
	Alcohol tetrahidrofurfurilo	Tetrahydrofurfuryl alcohol	Disolvente de coloracións	Iritante ocular
Permanente	Tioglicolato de amonio	Ammonium thioglycolate	Reductor	Iritante cutáneo
	Glicerolmonotioglicolato	Glyceryl thioglycolate	Reductor	Dermatite
Alisamento	Formaldehido Tamén se pode nomear como: Metanal Formol Óxido de metileno	Formaldehyde	Pode liberarse durante a aplicación de produtos para o alisamento	Iritante cutáneo, ocular e respiratorio Dermatite de contacto alérxica Urticaria Rinite Asma Cancro
Lavado	Formaldehido ⁽⁴⁾	Formaldehyde	Úsase como conservante	Iritante cutáneo, ocular e respiratorio Dermatite de contacto alérxica Urticaria Rinite Asma Cancro

(1) Canto menor sexa a proporción de axente químico perigoso presente no produto menor será o risco para a saúde.

(2) Ver páxina 9.

(3) Os efectos refírense aos axentes químicos perigosos considerados individualmente.

(4) Nalgún xampú e acondicionador e algúns produtos para o alisamento.

Etiquetaxe dun cosmético

LISTA DE INGREDIENTES

Podemos saber se un produto contén algún axente químicos perigoso consultando a lista de ingredientes que aparece no envase ou recipiente.

1 - Os ingredientes noméanse en orde de maior a menor proporción. Cando a proporción é menor do 1% xa non é obrigatorio seguir unha orde.

Os que sexan perigosos mellor que estean ao final da lista!

2 - Utilízase a nomenclatura INCI para evitar confusións, así::

- Os extractos de plantas e a auga noméanse en latín.
- Os ingredientes de perfume englobanse como "parfum", sen máis detalle.
- Os colorantes noméanse por códigos numéricos oficiais (n.º do Colour Index C.I.), na etiqueta exemplo CI 77891.
- O resto de ingredientes noméase co seu nome químico en inglés.



3 - O nome INCI permítenos consultar na base de datos "Cosing". Se un compoñente está prohibido en produtos cosméticos (Anexo II do Regulamento 1223/2009) ou só permitido ata unha cantidade determinada (Anexo III do Regulamento 1223/2009).



Tras a palabra **"Contiene"** recórdannos a xeito de **advertencia** que este produto ten tres compoñentes perigosos na súa lista de ingredientes.

5

Medidas preventivas

Condições mínimas recomendables dos locais

**Todos estes danos que acabamos de indicar poden evitarse!
Aplica as medidas preventivas necesarias!**

A ventilación é necesaria en todo lugar de traballo para respirar aire fresco e para diminuír a concentración de contaminantes.


Xeralmente, nun salón de peiteado a **ventilación natural** (portas e ventás) **non é suficiente**, necesítanse sistemas mecánicos.

Extracción localizada

Capta os contaminantes nunha zona localizada. Pode ser necesario instalar estes sistemas para reducir vapores e/ou po:



Na mesa de preparación de mesturas.



Nun posto onde se faga un servizo con risco de exposición, por exemplo, un alisamento ou unha permanente.

É moi importante verificar o bo funcionamento destes sistemas!

Ventilación xeral forzada

Se non hai extraccións localizadas debe deseñarse un sistema de ventilación xeral forzada que sexa adecuado e suficiente para o local.



Autor: Teepetersen

5 **Medidas preventivas** Substitución de produtos perigosos por outros que non o sexan

En xeral, escoller aqueles produtos con formulacións naturais ou co menor número de compoñentes químicos perigosos na súa composición.

Coloración vexetal

Provoca alerxia con menos frecuencia que as coloracións permanentes sintéticas.

Colorantes con dimeticona

Posible substituto do resorcinol, p-fenilendiamina, p-toluendiamina.

Permanentes con clorhidrato de mercaptina

Posible substituto dos tioglicolatos.

Descolorantes con carbonato de sodio

Posible substituto dos persulfatos.



Evitamos factores de risco.
Beneficios para a saúde do profesional e do cliente

5

Medidas preventivas Medidas organizativas



Coñece as características dos produtos e das mesturas que uses. Segue estritamente as instrucións do fabricante sobre o seu uso.



Se a información sobre medidas preventivas non é suficiente, pídlle máis información ao proveedor.



Almacena os produtos nunha zona ventilada, procurando que non estean expostos a condicións ambientais extremas.



Sempre que o permita o produto utiliza frascos para asperxer de bombeo en lugar do produto en spray. Evitas así os gases típicos destes produtos.



Evita o uso de produtos en forma de po fino que pode contaminar o aire e chegar aos teus bronquios e pulmóns. Mellor usa granulados, pastas ou xeles líquidos.



5

Medidas preventivas Medidas organizativas



Utiliza dosificadores de xampús, coloracións, mesturadores e homoxeneizadores para evitar o contacto cos produtos.



Mantén os envases pechados mentres non os uses.



Se tes que realizar transvasamentos:

- Faino en zonas específicas e ben ventiladas
- Transvasa lonxe de focos de calor
- Usa embudes, dosificadores ou sifóns
- Etiqueta o novo envase



Deposita os envases de produtos acabados en recipientes con tapa.



Prepara os produtos nun lugar específico, preferiblemente separado e ben ventilado. É recomendable ter unha extracción localizada no posto de mestura. Utiliza luvas para esta operación.

5

Medidas preventivas Medidas organizativas



É aconsellable realizar os cortes de cabelo (tarefa que se fai sen luvas) antes dos cambios de cor e de decolorar. Evitarás así o contacto cos residuos que poidan quedar.



Utiliza a temperatura máis baixa posible en secadores e alisadores para que se evaporen menos os produtos químicos aplicados.



Deben fixarse normas sobre descansos e rotación de tarefas.



Procura alternar tarefas para evitar repetir a mesma durante toda a xornada. Reducirás a exposición.



Evita os contactos coa auga e o xabón durante máis de dúas horas diarias porque debilitan a barreira protectora da pel e aumentan as posibilidades de reaccións alérxicas.



Reduce ao mínimo a exposición a produtos químicos perigosos se estás embarazada ou aleitando ao teu fillo. Nestes períodos é recomendable que non uses coloracións, decolorantes nin produtos para o alisamento.


5

Medidas preventivas Medidas hixiénicas



Olo coa limpeza!

Debes limpar inmediatamente e segundo as instrucións do fabricante calquera derramamento; tamén os utensilios de preparación e aplicación, os restos de produto en peites, tesoiras, lavacabezas, etc.



Non comas nin bebas na zona de traballo.

Habilita un lugar independente para iso.



É recomendable cambiar de roupa cando se manche con produtos químicos.



As lentes de contacto concentran as substancias irritantes, mellor evita poñelas.



Coidar as mans axuda a reducir os problemas dermatolóxicos:

- Lava as mans despois de estar en contacto cos produtos.
- Sécaas ben con toallas limpas.
- Utiliza crema hidratante durante a xornada e ao finalizala.



Medidas preventivas

Uso de equipos de protección individual

LUVAS DE PROTECCIÓN QUÍMICA

Ao manipular o produto usa luvas axeitadas:

- Asegúrate de que teñen pictograma de protección química na luva ou na caixa se son dun só uso.
- Pon as luvas sempre coas mans secas.
- Comproba o seu estado antes de poñelas e substitúeas se presentan esgazaduras ou roturas.
- Evita o uso de aneis, reloxo e pulseiras porque poden rompelas.
- Axusta ben as luvas ás mans e estende a parte que cobre o antebrazo.

Unha lonxitude de 30 cm
protexe os antebrazos

Alcanza coa luva a unión
dos dedos



Preferentemente de vinilo ou
nitrilo. O látex é sensibilizante

Usa luvas do teu tamaño!

UNE-EN 374-3: 2004



Pictograma de
protección química

UNE-EN 374-3: 2004



Este pictograma
indicaría que se trata
dunha luva de baixa
resistencia química

AO RETIRAR AS LUVAS:

- As dun só uso desbotaranse nun recipiente con tapa en canto se quiten; non se deben reutilizar.
- As luvas reutilizables laranse antes de quitálas e gardaranse segundo as instrucións do fabricante.



**As luvas de protección química virán sempre
acompañadas dun folleto informativo**

5

Medidas preventivas

Uso de equipos de protección individual

PROTECCIÓN RESPIRATORIA

Podes necesitala se non hai extracción localizada cando:

- Utilizas produtos en po para preparar mesturas.
- Usas produtos con formaldehído.

Máscara autofiltrante contra po e partículas.

- Cumpre a norma UNE-EN 149.
- O filtro vai integrado.
- Abonda con usar a de factor de protección mínimo (marcada como FFP1).



Máscara autofiltrante contra gases e vapores.

- Cumpre a norma UNE-EN 405.
- Ten os filtros integrados.
- Vai marcada con diferentes códigos segundo os contaminantes contra os que protexe. Exemplo: para o formaldehído é correcto o filtro marcado con letra "B" e cor gris.
- Pode levar filtros combinados e protexer ademais contra **po e partículas**.



OLLO! As máscaras cirúrxicas non cumpren coa norma UNE-EN 149 e non serven como protector respiratorio



PROTECCIÓN OCULAR

Para protexer os ollos de salpicaduras:

- Usa lentes de montura integral (parecidas ás lentes de mergullo).
- Impiden totalmente a entrada de pingas de líquido.
- Campo de uso 3.

Para protexer os ollos de gases e partículas de po fino:

- Usa lentes de montura integral.
- Campo de uso 5 (son máis herméticas).



O campo de uso debe indicalo o fabricante na montura.

Medidas preventivas

Vixilancia da saúde. Primeiros auxilios.

VIXILANCIA DA SAÚDE



Vixía a túa saúde correctamente.

- Acode periodicamente ao teu médico e indícalle cal é a túa profesión para que poida saber se tes algún problema de saúde, aínda que sexa incipiente, causado polo teu traballo.
- Se eres persoal asalariado podes realizar os recoñecementos médicos que che ofrece o servizo de prevención.
- O traballador autónomo tamén ten que coidarse. Non deixes que cheguen os problemas! Fai que che realicen un recoñecemento médico acorde cos riscos da túa actividade.

Existen guías de actuación para a vixilancia específica da saúde adecuadas para prever a asma laboral e as patoloxías da pel:

- Protocolo de Vixilancia Sanitaria Específica. Asma laboral.
- Protocolo de Vixilancia Sanitaria Específica. Dermatoses laborais.

PRIMEIROS AUXILIOS



Asegúrate de que a caixa de primeiros auxilios se mantéña revisada e equipada.



Deberías ter un frasco lavaollos e usalo para lavar abundantemente con auga se te salpica un produto aos ollos



Se te queimas con produto químico (como a auga osixenada concentrada), lava sempre a zona con abundante auga durante 15 minutos. Non uses cremas, pomadas, ungüentos...

RELACIÓN NON EXHAUSTIVA DE NORMATIVA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
(BOE do 10/11/1995)

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.
(BOE do 31/01/1997)

Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual.
(BOE do 12/05/1997)

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo.
(BOE do 07/08/1997)

Regulamento CE 1272/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.
(DOUE do 31/12/2008)

Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
(BOE do 23/04/1997)

Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.
(BOE do 24/05/1997)

Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.
(BOE do 1/05/2001)

Regulamento 1223/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, sobre os produtos cosméticos.
(DOUE do 22/12/2009)

Real Decreto 1599/1997 do 17 de outubro sobre produtos cosméticos.(BOE do 31/10/1997)

BIBLIOGRAFÍA E CONSULTA

- Tratamientos del cabello en peluquerías: exposición a agentes químicos. 2013. Portal BASEQUIM. Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT).
- Occupational health and safety in the hairdressing sector. 2014. Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo.
- ERGA FP nº 55: Trabajos en centros de peluquería y estética. 2007. INSHT.
- Occupational exposures of hairdressers and barbers and personal use of hair colourants. IARC, International Agency for Research on Cancer. Monographs volume 99.
- Mujer y condiciones de trabajo: riesgos en el embarazo en peluqueras. 2004-2006. Universidade de Alacant.
- Síntesis de la evidencia científica relativa a los riesgos laborales en trabajadoras embarazadas (período 2000-2010). INSHT.
- Exposition aux produits cosmétiques et risques pour la grossesse chez les professionnelles de la coiffure. 2014. Institut national de recherche et de sécurité pour la prévention des accidents du travail et des maladies professionnelles (INRS).
- Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios: Cosméticos e hixiene.
<http://www.aemps.gob.es/cosmeticosHigiene/portada/home.htm>
- Cosmetics Europe
<http://www.cosmeticseurope.eu/using-cosmetics-colipa-the-european-cosmetic-cosmeticsassociation.html>

Actualizado a maio 2015



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



galicia

COÑECE

do Issga

Servizos

RISCO QUÍMICO EN SALÓNS DE PEITEADO

